

# INFORMACIÓN DAS BOLSAS XERAIS DO MEFP

# ¿EN QUE CONSISTEN AS BOLSAS DO MEFP?

---

Son *axudas económicas* que o Goberno de España da aos alumnos que realizan estudos post-obrigatorios sexan ou non universitarios.

Deberase cumprir cuns:

- **Requisitos académicos:** Ter aprobados un tanto por cen de créditos ou materias o curso anterior.
- **Requisitos económicos:** Non gañar máis cartos cos estipulados nos parámetros que establece o Ministerio.

Pódese solicitar para **todos os niveis de estudos EXCEPTO** terceiro ciclo ou doutorado, estudos de especialización ou títulos propios das universidades.

# ¿CAL É O IMPORTE DA BOLSA? CONTÍA FIXA

Cada alumno pode optar a 6 conceptos de bolsas non excluíntes entre si.

Contías fixas para todos os solicitantes que reúnan os requisitos:

- **Bolsa de matrícula:** Comprenderá o importe dos créditos dos que o alumno se matricule por primeira vez. O importe será o do prezo público oficial que se fixe no curso 2020-2021.
- **Contía fixa asociada á residencia do estudante durante o curso escolar:** 1.500 € para aqueles alumnos que non pasen do limiar 2 de renda e vivan fóra da casa por motivos académicos.
- **Contía fixa asociada á renda do estudante:** 1.600 € para aqueles alumnos que non pasen o limiar 1 de renda
- **Contía fixa ligada á excelencia no rendemento académico:** entre 50 e 125 € a partir dunha media de 8 puntos.

# ¿CAL É O IMPORTE DA BOLSA? CONTÍA VARIABLE

---

Contía variable e distinta para os diferentes solicitantes que reúnan os requisitos:

- **Bolsa de insularidade:** Entre 442 e 973 euros para o alumnado das Illas Canarias, Baleares e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla que deban desprazarse a outra illa ou á península para poder ir ao seu centro de estudos.
- **Bolsa variable:** Mínimo de 60 € e máximo de 1.500€ para non universitarios e de 2.600€ para universitarios cun 10 de media e 0 de renda. O seu importe resultará da ponderación da nota media do expediente do estudante e da súa renda familiar e determinarase mediante a aplicación dunha fórmula de repartición.

Deberemos ter en conta 4 aspectos:

- Os **limiares de renda** que non hai que traspasar.
- O **patrimonio familiar**: é dicir, a suma dos rendementos netos do capital mobiliario que se obtén sumando determinadas celas da declaración da renda e que non deben pasar dos 1700€.
- O **volumen de negocio**: no caso de ter unha empresa, ser autónomo ou participar nalgunha entidade non se deben superar os 155.500,00 euros de facturación.
- **Segundas residencias**: No caso de ter segundas vivendas, ou fincas rústicas ou urbanas non se debe superar un valor determinado que se obtén despois de multiplicar o seu valor catastral por un coeficiente.

Podes consultar os limiares de renda da pasada convocatoria no seguinte [enlace](#).

- Considérase que non se reúnen os requisitos económicos se os ingresos familiares superan as cantidades establecidas no limiar 3.
- Hai que ter en conta que poden existir limitacións derivadas do tipo de estudos que curse o alumno, do número de créditos en que se matriculou, etc., que impidan percibir determinados compoñentes.
- Tamén convén saber que certas circunstancias académicas, como a nota media, afectan o importe dalgún compoñente, como a contía variable ou a contía fixa ligada á excelencia no rendemento académico.
- Igualmente, outras situacións, como a residencia en illas ou a discapacidade do alumno, poden dar lugar á percepción de cantidades adicionais.

# REQUISITOS ACADÉMICOS

## PRIMEIRO CURSO ESTUDIOS NON UNIVERSITARIOS

BACHARELATO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Obter a lo menos 5,50 puntos de nota media en 4º ESO.</li><li>• Matricularse do curso completo ou polo menos da metade das materias do curso.</li><li>• Non repetir o curso actual.</li></ul>
CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do curso completo ou da metade dos módulos que compoñen o curso actual.</li><li>• Non repetir o curso actual.</li></ul>
CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR	<ul style="list-style-type: none"><li>• Obter a lo menos 5,50 puntos de nota media en 2º de bacharelato, proba ou curso de acceso.</li><li>• No caso dos alumnos que accedan dende FP Grao Medio terase en conta a cualificación final do ciclo.</li><li>• Non repetir o curso actual.</li></ul>

## SEGUNDO CURSO ESTUDIOS NON UNIVERSITARIOS

### BACHARELATO

- Non repetir o curso actual.
- Matricularse do curso completo ou polo menos da metade das materias do curso.
- Ter superado no curso anterior todas as materias excepto unha.
- Aqueles que repetiron o curso anterior, deben ter todo aprobado.

### CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO OU GRAO SUPERIOR

- Non repetir o curso actual.
- Matricularse do curso completo ou polo menos da metade dos módulos do curso.
- Ter superado no curso anterior polo menos o 85% das horas totais do curso. Aqueles alumnos que repetiron o curso anterior, deben ter todo aprobado.



# REQUISITOS ACADÉMICOS

## PRIMEIRO CURSO ESTUDIOS UNIVERSITARIOS

	PARA OBTER BOLSA DE MATRÍCULA	PARA OBTER O RESTO DAS CONTÍAS
PARA TODAS AS RAMAS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do número de créditos que establece a convocatoria.</li><li>• Obter unha nota de acceso segundo a fórmula <math>0.6 \text{ NMB} + 0.4 \text{ ABAU}</math>; ou unha nota de acceso de CFGS ou outra proba de acceso de a lo menos 5,00 puntos</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do número de créditos que establece a convocatoria.</li><li>• Obter unha nota de acceso segundo a fórmula <math>0.6 \text{ NMB} + 0.4 \text{ ABAU}</math>; ou unha nota de acceso de CFGS ou outra proba de acceso de a lo menos 5,00 puntos.</li></ul>

# REQUISITOS ACADÉMICOS

## SEGUNDO CURSO ESTUDIOS UNIVERSITARIO

RAMAS DE COÑECEMENTO	PARA OBTER BOLSA DE MATRÍCULA	PARA OBTER O RESTO DAS CONTÍAS
ENSINANZAS TÉCNICAS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do número de créditos que establece a convocatoria.</li><li>• Ter aprobado polo menos o 65% dos créditos matriculados no curso anterior.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do número de créditos que establece a convocatoria.</li><li>• Ter superado no curso anterior o 85% dos créditos matriculados ou de xeito alternativo ter superado o 65% dos créditos matriculados e ter a lo menos 6,00 puntos de nota media.</li></ul>
CIENCIAS	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do número de créditos que establece a convocatoria.</li><li>• Ter aprobado polo menos o 65% dos créditos matriculados no curso anterior.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do número de créditos que establece a convocatoria.</li><li>• Ter superado no curso anterior o 100% dos créditos matriculados ou de xeito alternativo ter superado o 80% dos créditos matriculados e ter a lo menos 6,00 puntos de nota media.</li></ul>

# REQUISITOS ACADÉMICOS

## SEGUNDO CURSO ESTUDIOS UNIVERSITARIOS

RAMAS DE COÑECEMENTO	PARA OBTER BECA DE MATRÍCULA	PARA OBTER O RESTO DAS CONTÍAS
CIENCIAS DA SAÚDE	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do número de créditos que establece a convocatoria.</li><li>• Ter aprobado polo menos o 80% dos créditos matriculados no curso anterior.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do número de créditos que establece a convocatoria.</li><li>• Ter superado no curso anterior 100% dos créditos matriculados ou de xeito alternativo ter superado o 80% dos créditos matriculados e ter a lo menos 6,50 puntos de nota media.</li></ul>
CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do número de créditos que establece a convocatoria.</li><li>• Ter aprobado polo menos o 90% dos créditos matriculados no curso anterior.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Matricularse do número de créditos que establece a convocatoria.</li><li>• Ter superado no curso anterior o 100% dos créditos matriculados ou de xeito alternativo ter superado o 90% dos créditos matriculados e ter a lo menos 6,50 puntos de nota media.</li></ul>

# ¿CANDO SOLICITALA?

Tendo en conta que aínda non está publicada a convocatoria para o curso 2020-2021 os prazos aproximados son:

- Estudos non universitarios dende o 1 de agosto ata o 1 de outubro.
- Estudos universitarios dende o 1 de agosto ao 15 de outubro.

Preséntase totalmente por internet, non deberás facer nada fisicamente, a non ser que te soliciten algún documento

# ¿CÓMO SOLICITALA?

---

- A solicitude preséntase mediante formulario on line a través da páxina web do Ministerio de Educación e Formación Profesional que podes consultar no seguinte [enlace](#).
- Non hai que aportar documentación, xa que as unidades encargadas da tramitación consultarán e obterán da administración correspondente todos os datos precisos para verificar que se reúnen os requisitos xerais académicos e económicos.
- Só en determinados supostos moi específicos poderá aportarse a documentación concreta que se especificará no formulario.

# ¿CANDO SE PODE PERDER A BOLSA?

---

Existen varios supostos nos que deberás devolver a contía:

- Cando non se destinou a mesma á finalidade para a que foi concedida.
- Anulación de matrícula.
- Causar baixa no centro de estudos.
- Non ter asistido a máis do 80% ou máis das horas lectivas excepto dispensa de escolarización.
- Non ter superado o 50% das materias, créditos e horas matriculadas.

# ENLACES DE INTERESE

---

- Web do Ministerio: <http://www.educacionyfp.gob.es/portada.html>
- Apartado de bolsas e axudas: <http://www.educacionyfp.gob.es/gl/servicios-al-ciudadano/catalogo/estudiantes/becas-ayudas.html>
- Convocatoria 2019-2020: <http://www.educacionyfp.gob.es/educacion/mc/becas-generales/2019-2020/inicio.html>